

**Mensaxe de Nadal da Súa Maxestade o Rei**  
24 de decembro de 2015

Boas noites, nesta noiteboa, quero especialmente desexarvos xunto á Raíña e as nosas fillas, a Princesa Leonor e a Infanta Sofía, unhas moi felices festas e todo o mellor para o ano novo.

E desexaría tamén que a vontade de entendemento e o espírito fraternal, tan propios destes días, estean sempre moi presentes entre nós, na nosa convivencia.

Esta noite diríxome a vós dende o Palacio Real, onde a Coroa celebra actos de Estado nos que queremos expresar, coa maior solemnidade, toda a grandeza e dignidade de España.

Este Palacio é de todos os españois e é un símbolo da nosa Historia que está aberto a todos os cidadáns que desexan coñecer e comprender mellor o noso pasado. Nos seus teitos e nas súas paredes, nos seus cadros e nos seus tapices, en definitiva, en todo o seu patrimonio, recóllense séculos e séculos da nosa historia común.

E esa historia, sen dúbida, debemos coñecela e lembrala, porque nos axuda a entender o noso presente e orientar o noso futuro; permítenos tamén apreciar mellor os nosos acertos e os nosos erros; porque a Historia, ademais, define e explica a nosa identidade ao longo do tempo.

Creo sinceramente que hoxe vivimos tempos nos que é máis necesario que nunca recoñecemos en todo o que nos une. É necesario poñer en valor o que construímos xuntos ao longo dos anos con moitos e grandes sacrificios, tamén con xenerosidade e enorme entrega. É necesario enxalzar todo o que somos, o que nos fai ser e sentirnos españois. No meu discurso de proclamación manifestei que na España constitucional caben todos os sentimentos e sensibilidades, caben as distintas formas de sentirse español; de ser e de sentirse parte dunha mesma comunidade política e social, dunha mesma realidade histórica, actual e de futuro, como a que representa a nosa nación.

Unha gran nación, definida por unha cultura que traspasou tempos e fronteiras, polas artes e por unha literatura universal; enriquecida pola nosa lingua común, xunto ás demais linguas de España, que tamén explican a nosa identidade.

Un país que ao longo dos séculos teceron pensadores, científicos, creadores, e tantos e tantos homes e mulleres; e polo que moitos dos cales deron mesmo a súa vida.

E é, tamén, un grande Estado, cuxa solidez se basea hoxe nuns mesmos valores constitucionais que compartimos e nunhas regras comúns de convivencia que nos demos e que nos unen; un Estado que recoñece a nosa diversidade no autogoberno das nosas nacionalidades e rexións; e que ten no

respecto á vontade democrática de todos os españois, expresada a través da Lei, o fundamento da nosa vida en liberdade.

Por todo iso, temos -teño- moitas razóns para poder afirmar esta noite que ser e sentirse español, querer, admirar e respectar a España, é un sentimento profundo, unha emoción sincera, e é un orgullo moi lexítimo.

Con estas razóns -e compartindo estes sentimentos-, faremos honra á nosa Historia, da que hoxe somos protagonistas e cuxo gran legado temos a responsabilidade de administrar; e fortaleceremos a nosa cohesión nacional, que é imprescindible para impulsar o noso progreso político, cívico e moral; para impulsar o noso proxecto común de convivencia. Porque agora, o que nos debe importar a todos, ante todo, é España e o interese xeral dos españois.

Tras as eleccións xerais celebradas o pasado día 20, e como sempre despois de cada renovación do Congreso dos Deputados e o Senado, iníciase o procedemento establecido na nosa Constitución para a gobernación do noso país.

Nun réxime constitucional e democrático de Monarquía Parlamentaria como o noso, as Cortes Xerais, como depositarias da soberanía nacional, son as titulares do poder de decisión sobre as cuestións que abranguen e afectan o conxunto dos españois: son a sede onde, tras o debate e o diálogo entre as forzas políticas, se deben abordar e decidir os asuntos esenciais da vida nacional.

A pluralidade política, expresada nas urnas, achega sen dúbida sensibilidades, visións e perspectivas diferentes; e leva consigo unha forma de exercer a política baseada no diálogo, a concertación e o compromiso, coa finalidade de tomar as mellores decisións que resolvan os problemas dos cidadáns.

España comeza unha nova lexislatura que require todos os esforzos, todas as enerxías, todas as vontades das nosas institucións democráticas, para asegurar e consolidar o conseguido ao longo das últimas décadas e adecuar o noso progreso político á realidade da sociedade española de hoxe. Unhas institucións dinámicas que camiñen sempre ao mesmo paso do pobo español ao que serven e representan; e que sexan sensibles coas demandas de rigor, rectitude e integridade que esixen os cidadáns para a vida pública.

A España actual é moi distinta da España dos séculos que nos preceden grazas a unha auténtica e xenerosa vontade de entendemento de todos os españois, a un sincero espírito de reconciliación e superación das nosas diferenzas históricas e a un compromiso das forzas políticas e sociais co servizo a todo un pobo, aos intereses xerais da Nación, que deben estar sempre por riba de todo. Esta é a gran lección da nosa Historia máis recente que nunca debemos esquecer.

Como tampouco debemos esquecer que a ruptura da Lei, a imposición dunha idea ou dun proxecto duns sobre a vontade dos demais españois, só nos

conduciu na nosa Historia á decadencia, ao empobrecemento e ao illamento. Ese é un erro do noso pasado que non debemos volver cometer.

O noso camiño é xa, de xeito irrenunciable, o do entendemento, a convivencia e a concordia en democracia e liberdade. Por iso, respectar a nosa orde constitucional é defender a convivencia democrática aprobada por todo o pobo español; é defender os dereitos e liberdades de todos os cidadáns; é tamén defender a nosa diversidade cultural e territorial.

Por iso, esta noite quero reiterar unha mensaxe de serenidade, de tranquilidade e confianza na unidade e continuidade de España; unha mensaxe de seguridade na primacía e a defensa da nosa Constitución.

E gustárame tamén transmitir unha mensaxe de esperanza en que a reflexión serena, o contraste sincero e leal de opinións, e o respecto tanto á realidade da nosa Historia, coma á íntima comunidade de afectos e intereses entre todos os españois, alimenten a vixencia do noso mellor espírito constitucional.

Por outro lado, a mellora da economía é unha prioridade para todos. Creo que todas as institucións temos un deber coa cidadanía, coas familias e especialmente cos máis novos, para que poidan recuperar o que nunca se debe perder: a tranquilidade e a estabilidade coas que afrontar o futuro e a ilusión por un proxecto de vida cara ao mañá. Todos desexamos un crecemento económico sostido. Un crecemento que permita seguir creando emprego -e emprego digno-, que fortaleza os servizos públicos esenciais, como a sanidade e a educación, e que permita reducir as desigualdades, acentuadas pola dureza da crise económica.

Europa é, sen dúbida, outra das nosas grandes realidades, pero tamén con grandes desafíos no seu interior. Todos sentimos a indignación e o horror ante os atentados que custaron a vida a compatriotas nosos, ante os crimes de París e doutros lugares do mundo, que son auténticos ataques ao noso modelo de convivencia e aos máis elementais valores humanos. E todos nos conmovemos ante o drama dos refuxiados que chegan ás nosas fronteiras fuxindo da guerra, ou o dos emigrantes angustiados e acosados pola pobreza.

Ante estes desafíos, e outros moitos como o da loita contra o cambio climático, é necesario que a voz de España se faga oír na Unión Europea e nas institucións internacionais en todo aquilo que afecta as nosas conviccións e os nosos intereses vitais. Porque o mundo de hoxe esixe nacións fortes, responsables, unidas, solidarias e leais aos seus compromisos cos seus socios e aliados e co conxunto da comunidade internacional.

Finalmente, non quero despedirme esta noite sen dicirvos, con total convicción, que aos españois de hoxe nos corresponde seguir a escribir a Historia do noso tempo e que o imos facer como xa demostramos que sabemos:

Contando con todos -homes e mulleres, novas e maiores, nados aquí ou vidos de fóra; empurrando todos á vez, sen que ninguén quede no camiño.

Debemos mirar cara a adiante, porque no mundo de hoxe ninguén espera a quen só mira cara a atrás. Debemos desterrar os enfrontamentos e os rancores; e substituír o egoísmo pola xenerosidade, o pesimismo pola esperanza, o desamparo pola solidariedade.

Teñamos fe e creamos no noso país. España ten unha resistencia á adversidade, unha capacidade de superación e unha forza interior moito maior do que ás veces pensamos. A fortaleza de España está en nós mesmos; está na nosa coraxe, no noso carácter e no noso talento. E está, tamén por que non o dicir, na nosa forma de vivir e de entender a vida.

Os españois nunca nos rendemos ante as dificultades, que foron grandes, e sempre as vencemos.

E sabemos, ademais, que temos que seguir camiñando coa vontade de entendemento e co espírito de unión aos que me refería ao principio; con diálogo e compromiso, con sentido do deber e con responsabilidade; sentindo e vivindo, cada día, cada un de nós, ese compromiso ético que fai grande un pobo; unindo os nosos corazóns, porque hai décadas o pobo español decidiu -dunha vez por todas e para sempre- darse a man e non as costas. Fagámolo con toda a forza e a confianza dos que estamos orgullosos -con razón- do que conseguimos xuntos e, sobre todo, do que xuntos imos conseguir.

Con esa emoción, con esa confianza no noso futuro -nese futuro de España no que creo- deséxovos a todos un moi Feliz Nadal, Eguberri On, Bon Nadal, Boas Festas e un venturoso ano 2016.